

### **3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022**

**3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.**

Unicamente temos alumnado coa materia pendente de Debuxo artístico I de 1º Bacharelato e que tamén están matriculados na materia de Debuxo artístico II de 2º de Bacharelato, polo que o seguimento se efectuará durante as sesións de clase de 2º curso.

**3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.**

As actividades de recuperación consistirán en refacer os traballos suspensos ao longo do curso e/ou facer os traballos non presentados. O alumnado avaliado positivamente terá a oportunidade de subir a nota media do curso ata un punto realizando tarefas de ampliación durante o mes de xuño. (Nota de suficiente sube 0,25 na nota final de curso; ben sube 0,5; notable sube 0,75 y sobresaínte sube 1 punto.)

**3.3. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.**

O alumnado avaliado negativamente recuperará a materia realizando un exame de recuperación da avaliación correspondente. A preparación da proba extraordinaria levarase a cabo resolvendo dúbidas, e proponendo exercicios de reforzo que, no caso do alumnado avaliado positivamente, lles servirá para afianzar contidos de cara a 2º de Bacharelato.

**3.4. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.**

Non procede.

**3.5. Especificar o protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.**

Revisión das actividades non superadas e/ou non entregadas e elaboración dunha planificación de realización e entrega de actividades adaptada a cada caso.

**3.6. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)**

O remitido pola I.E.